

ASEMBLEA SPG A GAVELA. Acta **b1** do mes de **XUÑO** do **2019**

16/06/2019 11:00-13:30

Lugar: Local da Cooperativa Árbore / Asisten:

Antía, Ánxeles (Despensa), Javier, Cris (Verxel), Eduardo (Orxa), Cándido (Árbore), Belén, Marta, Xaquín

Orde do día:

1. ¿Quen estamos?.
2. Motivación e sentido do SPG A Gavela.
3. Visitas 2019.
4. Posible reactivación de criterios para apicultura.
5. Encontro estatal.
6. Seguinte Asemblea: Orde do día:
7. Mel. Ánxeles
8. Elaborados. Belén

Detalle da orde do día:

1 ¿Quen estamos?

Faise breve presentación das presentes en canto a cal é a situación actual das distintas participantes, o que en xeral da unha sensación de certa pausa na actividade do SPG e a necesidade de reforzar o seu funcionamento. Facendo revisión das distintas zonas/grupos do SPG (en xeral están pendentes as visitas do ano):

- Zona do Val Miñor: so está Despensa para as visitas. Tampouco hai ningunha produtora que visitar nesta zona.
- Zona de Vigo: Eduardo, Árbore, Javi.
- Zona do Morrazo: Hector, Verxel, Lukas, Estela.
- Zona do Condado: Antía, Marta.
- Zona de Redondela: Xaquín, Xacobe e Belen, Froitas da casa (Ramón). Uxío non está producindo.

2 Motivación e sentido do SPG A Gavela.

- Diana, deixou o SPG como produtora pero segue no SPG colaborando co Facebook, aínda que polo que se comenta tampouco está funcionando.

- Belén: Non están producindo pero si están facendo pan e elaborados. Non deron feito para horta.

3 Visitas 2019

- **Proponse e acórdase que se agrupen as zonas de Val Miñor e Vigo debido a que no Val Miñor so queda a Despensa.**

Barállanse unha serie de ideas:

- Avisar para que vaian socias de Árbore ás visitas. Explícase que aínda hai moito que mellorar na comunicación interna de Árbore, e que as experiencias previas tampouco funcionaron moi ben en canto á participación.

- Incluso se chega a falar de se debemos seguir facendo as visitas, porque en ocasións convértense en repetitivas e non moi útiles. Neste punto destácase, ¿como pode funcionar entón un SPG sen visitas?, non parece posible.

- Fálanse das dinámicas das visitas e das asembleas e de se deberían incluír axuda, tamén para dinamizalas, xa falado na anterior reunión.

VISITAN>>	Vigo e Val Miñor	Morrazo	Condado	Redondela
Vigo e Val Miñor				14 XULL
Morrazo	29 SET			
Condado		27 OUT		
Redondela			6 OUT	

- **Eduardo queda encargado de dinamizar as visitas (avisar antes e solicitar documentación relativa).**

4 Posible reactivación de criterios para apicultura.

Tratar a proposta na seguinte reunión. Recopilar proposta e opinións. **Encargada Ánxeles.**

5 Encontro estatal SPG.

15-17 de Novembro. Antía apuntouse no grupo de criterios comúns, confianza mutua entre os criterios de diferentes SPG. Granada. Hai interese individual por asistir, pero como grupo non está claro que teñamos a

capacidade nestes momentos. Marta, Cris e Antía poderían ir en principio, pero non é seguro.

6 Rogos e preguntas.

- **Mercados.** 4 ponlas. Se convida as persoas que queiran participar das 4 ponlas. Individualmente ou con postos colectivos.

- **Comunicación do SPG. Cándido falará con Dani para facer un informe** de como está a comunicación (web, e materias gráficos, redes sociais) e decidir como actuar, entendendo que a comunicación é unha das eivas importantes nestes momentos (non hai folletos, a web funciona so parcialmente...).

7 Seguinte asemblea: Orde do día.

- **Farase na finca de Antía o 15 de Setembro.**

- Pedirlle estado de contas a Diana.

- Criterios apicultura: recopilará Ánxeles.

- Criterios elaborados: recopilará Belén.

- Informe estado da comunicación, Cándido.